



Concello de Oza-Cesuras

BASES PARA A CONTRATACIÓN DA PERSOA QUE CUBRIRÁ A XORNADA COMPLETA DURANTE 9 MESES O POSTO DE VARREDOR VIARIA AO ABEIRO DO PROGRAMA I DE CONTRATACIÓN DE PERSOAS MOZAS INSCRITAS E EN SITUACIÓN DE BENEFICIARIAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL, NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E COS ORGANISMOS INTERMEDIOS SEN ÁNIMO DE LUCRO, COFINANCIADAS POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA FSE+ GALICIA 2021 – 2027 DA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E MIGRACIÓN

PRIMEIRA.- Obxecto da convocatoria

A contratación laboral temporal dun varredor durante nove meses a tempo completo para a execución de servizos de mantemento e limpeza viaria incluído no Programa I de axudas ás corporacións locais para a contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil. *TR350E*, mediante a execución de servizos de interese xeral e social, competencia das entidades locais, a través da contratación de persoas mozas inscritas e en situación de beneficiarias no ficheiro do Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, co obxecto de ofrecer unha primeira experiencia laboral, favorecer a formación práctica en mantemento e limpeza viaria e mellorar a empregabilidade e a inserción profesional das persoas mozas que non estudan nin traballan, inscritas como beneficiarias no Sistema nacional de garantía xuvenil, mediante a prestación de servizos que lles posibiliten ás persoas participantes realizar un traballo efectivo que lles procure unha práctica profesional necesaria para a súa integración sustentable no mercado de traballo.

A devandita contratación realizarase con base á subvención concedida pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, ao abeiro da Orde do 22 de maio de 2026 pola que se aproban as bases reguladoras para á concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de Garantía Xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración coas entidades locais e cos organismos intermedios sen ánimo de lucro, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021 – 2027.



Concello de Oza-Cesuras

Tendo en conta que o prazo de xustificación da citada contratación remata o vindeiro 30 de outubro de 2026, no caso de que a contratación laboral non poida ser conformalizada nesa data límite indicada deixarase sen efecto a presente convocatoria de proceso selectivo.

SEGUNDA.-Condicións dos/as aspirantes.

1. Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ter a nacionalidade española ou ser nacional doutro Estado membro da U.E. ou daqueles Estados aos que se refire e nas que condicións que establece o artigo 57 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público. Os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder, como persoal laboral, en igualdade de condicións que as persoas españolas.
- b) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza á que se opta. A condición de discapacitado e a súa compatibilidade para o desenvolvemento das funcións correspondentes á praza acreditaranse por certificación expedida pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou polo organismo ou departamento que sexa competente para iso.
- c) Ter feitos os dezaioito (18) anos e non superar os vintenove (29) anos (idade máxima que establece a normativa vixente do Sistema nacional de garantía xuvenil).
- d) Estar desempregadas e inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia, como demandantes non ocupadas e estar dispoñibles para o emprego.
- e) Estar inscritas como beneficiarias no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- f) Non ter traballado ou recibido accións educativas ou formativas o día natural anterior á data de sinatura do contrato.





Concello de Oza-Cesuras

g) Non ser separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non acharse inhabilitado ou en situación equivalente nin ser sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ao emprego público.

TERCEIRA.- Criterios para a selección.

De conformidade co establecido na Orde do 22 de maio de 2026 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil o Concello de Oza-Cesuras realizará a preselección para a contratación do persoal a través do Servizo Público de Emprego e de acordo cos principios de publicidade, concorrência, igualdade, mérito e non discriminación, mediante a presentación de oferta de emprego na oficina de emprego correspondente nos modelos normalizados para o efecto, facendo referencia aos requisitos e ás características que deben reunir os/as traballadores/as que se contratarán para o axeitado desempeño das funcións inherentes ao posto de traballo ofertado.

A oficina de emprego realizará unha sondaxe e proporcionando ún número persoas candidatas, correspondendo ao Concello a selección definitiva.

CUARTA.- Solicitud de aspirantes

1. Recibida no concello a listaxe de preseleccionados para candidatos remitida polo Servizo Público de Emprego de Galicia, o concello poñerá en contacto telefónico con cada un deles para informarlles deste programa e invitarlles a participar, para o cal



Concello de Oza-Cesuras

abrirase **un prazo** de 7 días hábiles dende a recepción da listaxe de candidatos preseleccionados pola Oficina de Emprego e, en todo caso, **antes do 10 de setembro de 2026**, para que, se están interesados, presenten a correspondente instancia conforme ao modelo oficial que poderán obter nas oficinas municipais ou mediante descarga na páxina web.

2.- A solicitude de participación deberá presentarse no Rexistro Xeral do Concello ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP). A presentación da solicitude de xeito telemático na sede electrónica deste concello realizarase a través do enlace da páxina web (www.concellodeozacesuras.es) cos certificados dixitais admitidos na mesma.´

No suposto de que a instancia non se presente no Rexistro Xeral do Concello o candidato deberá remitir copia da solicitude ao Fax 981 792025 antes do remate do prazo de presentación das solicitudes.

3.- A presentación da solicitude supón o coñecemento e aceptación expresa do contido destas bases.

4.- A presentación da solicitude fora de prazo suporá a non admisión do aspirante ao proceso selectivo

5.- A solicitude deberá ir acompañada pola seguinte documentación:

- a) Orixinal ou copia do DNI ou documento correspondente ao país da UE.
- b) Declaración responsable de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza á que se opta. No seu caso, a condición de discapacitado e a súa compatibilidade para o desempeño das funcións correspondentes á praza acreditarase por certificación expedida pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia ou polo organismo ou departamento que sexa competente para iso.



Concello de Oza-Cesuras

- c) Declaración responsable de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin acharse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado.
- d) Tarxeta ou xustificante acreditativo de figurar inscrito/a como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia.
- e) Documentación acreditativa, no seu caso, de pertencer a algún dos colectivos indicados no artigo 29.6 da citada Orde do 22 de maio de 2026 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.
- f) Documentación acreditativa de estar inscrita como beneficiarias no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.
- g) Autorización para a cesión á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración dos datos persoais relacionados, no seu caso, co contrato de traballo.

Os interesados se responsabilizarán da veracidade dos documentos que presenten e, cando a relevancia do documento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia o concello poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias aportadas polo interesado, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal (artigo 28 LPACAP)

Así mesmo, o concello de Oza-Cesuras, agás que o interesado manifeste a súa oposición, consultará e recabará de oficio aqueles documentos dos anteriormente citados que foran elaborados polo concello de Oza-Cesuras así como polo antigos concellos de Oza dos Ríos e Cesuras así como aqueles outros que xa foran



Concello de Oza-Cesuras

aportados con anterioridade no rexistro xeral deste concello sempre que se indiquen en qué momento foron presentados.

QUINTA.- Admisión de aspirantes

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou órgano delegado ditará resolución declarando aprobada a listaxe de admitidos e excluídos. Dita resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello, e que tamén poderá publicarse na páxina web oficial do concello (www.concellodeozacesuras.es) sen carácter preceptivo, deberá conter a composición nominal do órgano ou tribunal seleccionador, integrado por catro persoas, tanto titulares como suplentes, o lugar, data e hora de comezo dos exercicios e, de ser o caso, a orde de actuación dos aspirantes.

SEXTA.- Comisión seleccionadora

- Presidente: funcionario/a do Concello de Oza-Cesuras.
- Vogais: 2 empregados públicos (funcionarios ou persoal laboral) do concello de Oza-Cesuras) e
- Secretario: (con voz pero sen voto) o secretario do concello ou funcionario/a en quen delegue.

Non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, sendo preciso, en todo caso a asistencia do presidente e do secretario.

SÉTIMA.- Proceso de selección.

O proceso de selección constará de dúas fases:

1ª.- Fase de concurso. Puntuación máxima: 5 puntos. Nela valoraranse os seguintes méritos:

- Haber acadado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas (**ata un máximo de 3 puntos**).





Concello de Oza-Cesuras

- o Por cada programa finalizado de duración igual ou superior a 200 horas e inferior a 500 horas (1 puntos)
 - o Por cada programa finalizado de duración igual ou superior a 500 horas e inferior a 1000 horas (2 puntos)
 - o Por cada programa finalizado de duración igual ou superior a 1000 horas (3 puntos)
- Posuír carné de conducir tipo B: **2 puntos.**

Acreditación de méritos:

- A realización dos programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas acreditarase mediante documento expedido pola autoridade correspondente onde conste o seu título, o nome, apelidos e DNI do participante e o número de horas.
- A posesión do carné de conducir tipo B acreditarase mediante copia do permiso de condución.

Non serán valorados os méritos das persoas que non se acrediten do xeito e no tempo indicados.

2ª.- Fase de oposición. Puntuación máxima 95 puntos. Consistirá en:

a. Realización dun exame tipo test sobre materias relacionadas co temario anexo.

Esta proba escrita será un test de 10 preguntas e **valorarase de 0 a 60 puntos**, debendo obter unha puntuación mínima de 30 puntos para superar a proba. Cada pregunta acertada valorarase con 6 puntos.

b. Entrevista persoal, na que se farán preguntas relacionadas coas tarefas a desenvolver no posto de traballo, interese demostrado no posto de traballo, así como preguntas relativas ó nivel de coñecementos axeitados ao posto de traballo ao que se aspira e será cualificada cun **máximo de 35 puntos.**



Concello de Oza-Cesuras

No caso de que non se presenten máis solicitudes que número de prazas convocadas para cada un dos postos ofertados, e sempre que reúnan os requisitos esixidos na convocatoria, non será preciso a realización do proceso de selección.

As dúbidas que se susciten serán resoltas pola citada Comisión, que terá a facultade de interpretar estas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

OITAVA.- Formalización do contrato.

A Comisión Seleccionadora propondrá ao Sr. Alcalde a contratación daqueles/as aspirantes que obtivesen a maior puntuación.

Ditos/as aspirantes propostos/as presentarán no prazo que se lles indique e, en todo caso antes das 13 horas, do 20 de outubro de 2026, os seguintes documentos:

- a) Certificado de titularidade de conta bancaria.
- b) Copia de tarxeta sanitaria ou número da Seguridade Social.
- c) Copia da tarxeta de demandante de emprego non ocupada e de estar dispoñible para o emprego

No caso de que dentro do prazo indicado, e salvo os casos de forza maior debidamente acreditados, non presentasen a documentación ou da mesma se deducise que carecen dalgún dos requisitos esixidos, non poderán ser contratados, podendo contratarse ao seguinte da lista ou quedando anuladas todas as actuacións, segundo proceda, sen prexuízo da responsabilidade en que puidesen incorrer por falsidade nas súas solicitudes de participación.

A formalización do contrato realizarase conforme ao previsto na lexislación vixente, utilizando necesariamente a modalidade de contrato de modelo de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego (código de contrato 405), segundo o previsto na citada Orde do 22 de maio de 2026 pola que se aproban as bases





Concello de Oza-Cesuras

reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais e cos organismos intermedios sen ánimo de lucro, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021 – 2027.

NOVENA.- Lista de reserva

Rematado o proceso selectivo farase unha relación de persoas, en orde decrecente de puntuación. Os que formen parte da mesma poderán ser chamados (sempre respectando a orde da lista) para cubrir prazas non cubertas por situación de renuncia voluntaria e/ou procesos de incapacidade temporal.

DÉCIMA.- Resolución de incidencias

O Tribunal de selección queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten, e para adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento do proceso de selección, en todo o non previsto nestas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

ANEXO.- Temario

Tema 1. Conceptos xerais sobre limpeza viaria e recollida de residuos.

Tema 2. Útiles e ferramentas de limpeza viaria.

Tema 3. Conceptos básicos sobre prevención de riscos laborais e dereitos e obrigas dos traballadores en materia preventiva.

Oza Cesuras, na data da sinatura electrónica

O ALCALDE,

Ado: José Pablo González Cacheiro





Concello de Oza-Cesuras

ANEXO I

D./ D^a/ _____
con DNI _____ e enderezo en _____
_____, teléfono _____ email _____

EXPÓN:

Informado do procedemento de contratación para o posto de varredor durante nove meses a tempo completo para a execución de servizos de limpeza incluído no Programa I de axudas ás corporacións locais para a contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil. *TR350E*,” ao abeiro da subvención concedida pola Xunta de Galicia – **e tendo sido preseleccionado pola Oficina de Emprego, SOLICITA:**

Ser admitido no procedemento da citada contratación laboral para o que DECLARA RESPONSABLEMENTE:

1. Que reúne os requisitos esixidos nas bases que rexen o proceso selectivo.
2. Que, aos efectos previstos no artigo 29.6 da citada Orde do 22 de maio de 2026 pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, estou incluído no colectivo de _____ (Indicar o colectivo que corresponda).

O que acredito coa presentación da seguinte documentación: _____

(Facer referencia ao documento que se achega).

3. Que acepta expresamente o contido das “**BASES PARA A CONTRATACIÓN DA PERSOA QUE CUBRIRÁ A XORNADA COMPLETA DURANTE 9 MESES O POSTO DE VARREDOR VIARIA AO ABEIRO DO PROGRAMA I DE CONTRATACIÓN DE PERSOAS MOZAS INSCRITAS E EN SITUACIÓN DE**





Concello de Oza-Cesuras

BENEFICIARIAS NO FICHEIRO DO SISTEMA NACIONAL DE GARANTÍA XUVENIL, NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E COS ORGANISMOS INTERMEDIOS SEN ÁNIMO DE LUCRO, COFINANCIADAS POLA UNIÓN EUROPEA NO MARCO DO PROGRAMA FSE+ GALICIA 2021 – 2027 DA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E MIGRACIÓN” e en concreto, que coñece que non serán valorados os méritos que non se acrediten do xeito indicado nas mesmas.

4. Que reúne os requisitos esixidos para poder optar á/s praza/s anteriormente sinalada/s. En concreto:

- Que posúe a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza á que opta.
- Que non ten sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin se encontra en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fose separado ou inhabilitado.

E achega a seguinte **DOCUMENTACIÓN**:

- ☐ Orixinal ou copia do DNI ou documento equivalente ao país da UE.
- ☐ Declaración responsable de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas da praza. (no presente impreso).
- ☐ Declaración responsable de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. (no presente impreso).
- ☐ Orixinal ou copia da tarxeta de figurar inscrito/a como demandante de emprego no Servizo Público de Galicia.
- ☐ Documentación acreditativa de estar inscritas como beneficiarias no ficheiro do Sistema Nacional de Garantía Xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Acreditación dos méritos indicados na base 7ª ao obxecto da súa valoración na fase de concurso:

- ☐ Carné de conducir





Concello de Oza-Cesuras

☐ Certificados dos programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas

Asdo.:





Concello de Oza-Cesuras

ANEXO II

No tocante á documentación que se achega, o abeiro do establecido no artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP) DECLARO que todos os documentos son veraces, que concordan cos orixinais que posúo e que os exhibirei en calquera momento a requirimento dese concello.

[] **AUTORIZO:** Ao Concello de Oza- Cesuras a consultar e recabar aqueles documentos dos anteriormente citados que foran elaborados polo concello de Oza-Cesuras así como polo antigos concellos de Oza dos Ríos e Cesuras así como aqueloutros que xa foran aportados con anterioridade no rexistro xeral deste concello nas seguintes datas:

_____.

[] **NON AUTORIZO:** Ao Concello de Oza- Cesuras a consultar e recabar aqueles documentos dos anteriormente citados que foran elaborados polo concello de Oza-Cesuras así como polo antigos concellos de Oza dos Ríos e Cesuras nin aqueloutros que xa foran aportados con anterioridade no rexistro xeral deste concello.

Oza Cesuras, a _____ de _____ de 2026

Asdo.:





Concello de Oza-Cesuras

ANEXO III

AUTORIZACIÓN PARA A CESIÓN DE DATOS PERSOAIS

Don/Dona	
NIF	

Como traballador/a do concello:

CONCELLO	
NIF/CIF	

AUTORIZO á entidade sinalada para a cesión á Xunta de Galicia dos datos persoais relacionados co meu contrato de traballo, para os efectos de presentalos como xustificantes de gasto das axudas destinadas á contratación de persoas mozas inscritas no Sistema nacional de garantía xuvenil, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da colaboración con entidades locais e cos organismos intermedios sen ánimo de lucro, cofinanciadas pola Unión Europea no marco do Programa FSE+ Galicia 2021 – 2027 da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

DATA	
------	--

Oza Cesuras, a ____ de _____ de 2026

(Sinatura do/a traballador/a)

